

A stylized graphic in the top right corner features a dark grey gear partially overlapping a thick red ribbon that curves across the upper portion of the cover.

MEMORIA ANUAL 2014

Excmo. Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense

Índice



Graduado
Social

MEMORIA ANUAL 2014

1.- PRESENTACIÓN

2.- COMPOSICIÓN XUNTA DE GOBERNO

3.- XUNTA XERAL E XUNTA DE GOBERNO

3.1.- ASSEMBLEA XERAL, ELECCIÓN A SEIS VOGAIS
EXERCENTES E CEA DE CONFRATERNIDADE

3.2.- REUNIÓN DE TRABALLO DA XUNTA DE
GOBERNO

3.3.- XURA DE COLEXIADOS

4.- IMPLANTACIÓN NOVO LOGO PROFESIONAL

5.- INFORME DE SECRETARÍA

6.- INFORME DE COMISIÓN

6.1.- INFORME DE TESOURARÍA

7.- CURSOS E CONFERENCIAS

8.- ACTIVIDADES LÚDICAS

8.1.- VI CONCURSO INFANTIL DE DEBUXO

9.- CENSO DE COLEXIADOS

10.- NOTAS DE PRENSA



Edita	Excmo. Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense
Enderezo	José Luis Bugallal y Marchesi, A-5, 1.º 15008 A Coruña
Teléfono	981 15 18 76
Fax	981 23 44 04
Web	www.graduadososociales.org
E-Mail	colegio@graduadososociales.org
Depósito Legal	C 1.945-00

Maquetación e impresión
Teléfono
Enderezo
E-mail

C & P Artes Gráficas, S.L.
981 29 11 16
Juan XXIII, baixos 4 e 6. - 15001 A Coruña
admon@cypgraficas.com

SAÚDA

Susana Soneira Lema

PRESIDENTA

Chega o momento de facer balance a outro ano de xestión colexial. O 2014 foi unha etapa na que se consolidaron actuacións constantes en temas de actualidade e interese para o colectivo. Seguimos apostando pola formación de nosos colexiados, xa que un dos nosos intereses primordiais É a actualización dos nosos profesionais.

Para iso e coa posta en marcha da nosa nova páxina web, facilitamos o acceso aos nosos cursos coa retransmisión vía streaming destes, coa posibilidade de interactuar co relator, formulando preguntas ou facendo comentarios a través do chat.

A nosa nova web, reflexo de innumerables horas de traballo que converxeu nun sistema de comunicación eficaz entre o colexiado e o Colexio, facilita acceso inmediato á información e aos servizos prestados polo colexio.

Seguimos mantendo contacto coas Facultades, para mostrarlles aos novos graduados os servizos do Colexio, facilitándolles, a todos aqueles que o acrediten e soliciten, o acceso a estes durante seis meses sen custo ningún.

É inevitable mencionar que este ano, no que se observa unha leve melloría a nivel económico e social, o Colectivo de Graduados Sociais sufriu un revés coa aprobación da Lei 35/2014, que suprime a administración concertada, e que supuxo grandes perdas económicas na gran maioría dos despachos. En contrapartida, e como boa noticia, conseguimos a inclusión dos



Graduados Sociais na Lei de Asistencia Xurídica Gratuíta, que confiemos, será un aliciente para a profesión.

Para finalizar, quixera agradecer o apoio e confianza depositados en min, por todos os colexiados e membros da Xunta de Goberno, sen os cales os nosos obxectivos non chegarían a conseguirse, e animarte a que nos fagas chegar as túas opinións ou suxestións que serán tidas en conta para ofrecervos un mellor servizo.

Grazas

Un forte abrazo

Susana Soneira Lema

XUNTA DE GOBERNO



PRESIDENTA

Ilma. Sra. D.ª Susana Soneira Lema

Comisión Permanente



VICEPRESIDENTE 1.º

D. Alejandro Pérez Otero



VICEPRESIDENTE 2.º - CONTADOR-INTERVENTOR

D. Eduardo López Ameijeiras



SECRETARIO XERAL

D. Manuel Vázquez Regueira



VICESECRETARIO

D. Constante Rey Pedrouzo



TESOUREIRA

D.ª Lucía Sanjurjo López

VOGAIS



VOGAL EXERCENTE

D. Roberto Barros López



VOGAL EXERCENTE

D. Cándido Sanisidro López



VOGAL EXERCENTE

D. José M.ª Santiago García



VOGAL EXERCENTE

D. Jesús Vázquez Conde



VOGAL NON EXERCENTE

D.ª M.ª Carmen Rodríguez Carbajales



VOGAL NON EXERCENTE

D.ª Olga Ruiz Rodríguez

Xunta Xeral e Xunta de Goberno

3.1 ASEMBLEA XERAL, ELECCIÓNS A SEIS VOGAIS EXERCENTES E CEA DE CONFRATERNIDADE



O día 29 de marzo, celebrouse a Asemblea Xeral Anual e as Eleccións a seis vogais Exercentes. A mesa presidencial estivo composta pola Presidenta do Colexio, D.ª Susana Soneira Lema, o Secretario Xeral, D. Manuel Vázquez Regueira e o Vicepresidente 1.º e Tesoureiro, D. Isaac Rodríguez Sánchez.

Comezou a Orde do Día coa lectura e aprobación da Acta da última Asemblea Xeral e da Memoria Anual 2013. A continuación o Tesoureiro, D. Isaac Rodríguez Sánchez, explicou as contas do exercicio e presentou o presuposto para o 2014 que tamén se aprobaron por unanimidade.

Posteriormente, D.ª Susana Soneira Lema, Presidenta do Colexio fixo un breve resumo da actividade colexial durante o ano 2013.

Para finalizar o acto e como resultado das Eleccións convocadas para a elección de seis Vogais Exercentes, proclamáronse como tales os seguintes candidatos:

- D. Alejandro Pérez Otero
- D. Cándido Sanisidro López
- D.ª Lucía Sanjurjo López
- D. Jesús Vázquez Conde
- D. Manuel Vázquez Regueira

Concluída a Asemblea dirixímonos á Real Sociedade Deportiva Hípica da Coruña onde se celebrou a tradicional cea de confraternidade á que asistiron numerosos colexiados cos seus acompañantes e autoridades.

O Secretario do Colexio toma a palabra e despois de dar a benvida a todos os presentes, solicita a presenza da Presidenta, D.^a Susana Soneira Lema, e do Vicepresidente 2.^o D. Alejandro Pérez Otero, para o acto de entrega das insignias profesionais aos novos colexiados, que foron os seguintes:



D.^a Silvia Luaces Castiñeira



D.^a Susana Cousillas Sánchez



D. José Antonio Sanjuás Fernández



D.^a Cristina Viñas López



D.^a Remedios Vázquez Gil

A continuación entregáronse os Diplomas conmemorativos
dos 25 anos de colexiación
aos seguintes colexiados



D. Rafael Aneiros Rico



D.ª M.ª Isabel Cascales Brandariz



D. Joaquín Castro del Río



D. Antonio Espiñeira Sánchez



D. Alejandro Fernández Blanco



D. Eduardo López Ameijeiras



D. Antonio Agustín Regueiro Rodríguez



D. José M.ª Santiago García



Para finalizar os actos, D.ª Susana Soneira Lema, fai entrega da placa conmemorativa pola súa permanencia no colexio durante máis de 50 anos, ao noso compañeiro e **Presidente de honra D. Ángel Vázquez Rodríguez**



A presidenta finaliza os actos cun breve discurso e agradecendo a asistencia a todos os presentes, dando comezo ao banquete.

Ao finalizar o ágape, realizouse o sorteo de regalos cedidos por empresas colaboradoras, entre todos os colexiados asistentes, rematando cun animado baile que se prolongo ata ben entrada a madrugada.

Empresas

Colaboradoras



3.2 REUNIÓN DE TRABAJO DA XUNTA DE GOBERNO

A Xunta de Goberno celebrou diversas reunións durante o ano 2013, nas que se trataron os asuntos propios que afectan á profesión, propostas aos plenos do Consello Xeral, organización da marcha colexial, aprobación de expedientes de incorporación de novos colexiados, organización de visitas institu-

cionais, etc.. Pola súa banda, a presidenta D^a. Susana Soneira Lema, asistiu aos Plenos salientados a continuación, como Vogal Nato do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España.

REUNIÓN XUNTA DE GOBERNO	19 de febreiro 10 de marzo 16 de abril 21 de maio 18 de xuño	30 de xullo 30 de setembro 3 de novembro 16 de decembro
PLENOS DO CONSELLO	14 de marzo 30 de maio 28 de novembro 19 de decembro	

Mantivéronse diversas reunións para un mellor avance e funcionamento da profesión, así como a asistencia a actos conmemorativos entre as que destacamos os seguintes.

XANEIRO



REUNIÓN CO PADROADO REITOR

O día 22 de xaneiro, celebrouse na Sala de Xuntas da Facultade de Relacións La-

borais da Coruña, a reunión da Xunta do Padroado da Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais. Asistiron a esta entre outros D. José M.^a Botana, D.^a Susana Soneira Lema, D. Germán Prieto-Puga Somoza, D. Jesús Vázquez Forno, D. Lorenzo García Saenez-Díaz, D.^a M.^a Luisa Cid e D.^a Mercedes Amor para tratar asuntos conforme á convocatoria.

REUNIÓN COA XEFA PROVINCIAL DE TRÁFICO DA CORUÑA



O 28 de xaneiro, celebrouse nas instalacións da Xefatura Provincial de Tráfico, unha reunión con D.^a M.^a Victoria Gómez Dobarro, Xefe Provincial de Tráfico da Coruña e con D. Ángel Álvarez Martínez, Subxefe de Tráfico da Coruña á que asistiron por parte do Colexio, D.^a Susana Soneira Lema, Presidenta e D. Celestino Vieites Sánchez, Xerente.

No devandito encontro expuxéronse as inquietudes e necesidades do colectivo nas xestións a realizar nese ámbito, informando pola súa banda, que á maior brevidade posible se fixaría o sistema de actuación dos Graduados Sociais.

VIII CONGRESO INTERNACIONAL DEREITO COMPARADO



Baixo o título xeral de "Os sindicatos ante a crise económica en Europa e nos Estados Unidos", os días 28 e 29 de xaneiro, celebrouse o VIII Congreso Internacional de Dereito Comparado.

O Congreso, organizado pola Universidade da Coruña, o Instituto de Investigación da Asociación Coruñesa de Dereito Comparado do Traballo e da Seguridade Social e a Fundación E.U. de Relacións Laborais da Coruña, foi inaugurado por D. Carlos Negreira Souto, Alcalde da Coruña e durante o mesmo, desenvóléronse varios relatorios e debates.

A clausura do acto correu a cargo de D. Jesús Vázquez Forno, Director da Fundación E. U. de Relacións Laborais da Coruña e de D.^a Susana Soneira Lema, Presidenta do Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense.

FEBREIRO

REUNIÓN CO DIRECTOR PROVINCIAL DA TESOURARÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL DE OURENSE

O día 18 de febreiro, celebrouse unha reunión na Tesouraría Xeral da Seguridade Social de Ourense co Director Provincial, D. Jesús Blanco Conde, á que asistiron por parte do Colexio, a Presidenta, D.^a Susana Soneira Lema, o Xerente, D. Celestino Vieites Sánchez, D.^a Carmen Rodríguez Carbajales,

Vogal da Xunta de Goberno e D.^a Milagros Gontán Pérez, colexiada en exercicio.



Durante o transcurso desta acordouse celebrar dúas reunións do Sistema REDE durante o ano, unha cada semestre, así como a celebración dunhas xornadas informativas para os colexiados sobre os sistemas electrónicos da Seguridade Social.

REUNIÓN CO XEFE PROVINCIAL DE TRÁFICO DE OURENSE

Ese mesmo día, 18 de febreiro, celebrouse o encontro co Xefe Provincial de Tráfico de Ourense, D. David Llorente, para fixar os criterios de actuación dos Graduados Sociais á hora de realizar xestións ante o devandito organismo; D. David Llorente, informa da próxima implantación dunha plataforma telemática para a tramitación de expedientes ante a devandita Xefatura.



REUNIÓN COA CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR

O Vicepresidente 1.^º, D. Isaac Rodríguez Sánchez, asistiu, en representación desta Corporación, a unha reunión coa Conselleira de Traballo e Benestar, D.^a Beatriz Mato Otero e co Director Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo, D. Odilo Martiñá Rodríguez, para tratar o tema da Mediación, e a posta en marcha do Servizo de orientación Jurídico Laboral que se pretende implantar nos Colexios Oficiais de Graduados Sociais. Asistiu a esta en representación do Consello Xeral de Graduados Sociais, o Vicesecretario Xeral, D. Germán Prieto-Puga Somoza e o Presidente do Colexio de Lugo, D. Manuel Núñez Carreira e o Secretario do Colexio de Pontevedra, D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde.

MARZO

PLENO DO CONSELLO XERAL E NOMEAMENTO DE D. FRANCISCO JAVIER SANMARTÍN RODRÍGUEZ COMO ACADÉMICO DA REAL ACADEMIA DE XURISPRUDENCIA E LEXISLACIÓN



A presidenta deste Colexio, D.^a Susana Soneira Lema, asistiu en Madrid, o pasado día 14 de marzo á sesión do Pleno do Consello Xeral como membro da Comisión Permanente. Durante este celebráronse dúas comparecencias cos responsables do Sistema Lex-Net e outra cos do Sistema Cret@ da Seguridade Social.



Unha vez finalizada a reunión plenaria, e esa mesma tarde se celebrou na Real Academia de Xurisprudencia e Lexislación a sesión pública na que D. Francisco Javier San Martín Rodríguez, Presidente do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España, pronunciou a conferencia de ingreso, titulada "A excelencia, posibilidade de competir" con motivo do seu nomeamento como Académico Correspondente desa Real Academia.

ABRIL

FIRMA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ESCOLA DE RELACIÓNS LABORAIS DA CORUÑA



O día 3 de abril, tivo lugar na Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña, a firma dun convenio de colaboración entre a Escola e este Colexio, coa finalidade de procurar unha mellor preparación aos estudantes, así como aos colexiados. Así mesmo, tamén recolle a concesión dun premio anual denominado "José María Botana López", ao mellor expediente académico.

Ao acto asistiron D. Jesús Vázquez Forno, Director da Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña e D.^a Susana Soneira Lema, Presidenta do Colexio, que estivo acompañada por D. Eduardo López Ameijeiras, Vogal Exercente da Xunta de Goberno e D. Celestino Vieites Sánchez, Xerente desta corporación.

FIRMA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FACULDADE DE CIENCIAS DO TRABALLO DE FERROL



O día 4 de abril, celebrouse a firma dun convenio de colaboración entre esta Corporación e a Facultade de Ciencias do Traballo de Ferrol. O obxecto deste acordo é o establecemento dun marco de actuación para a colaboración entre a Universidade da Coruña, a través da Facultade de Ciencias do Traballo e o Colexio, en actividades culturais, científicas, pedagógicas e de investigación.

Entre estas actividades de colaboración, cabe destacar, entre outras, o patrocinio dun premio anual "Cipriano Dobarro", que a Facultade concederá ao mellor expediente académico.



Ao acto de firma asistiron o Reitor da Universidade, D. Xosé Luis Armesto Barbeito, o Decano da Facultade de Ciencias do Traballo de Ferrol, D. Moisés Alberto García Núñez e por parte do Colexio, a nosa Presidenta, D.^a Susana Soneira Lema, o Vogal Exercente, D. Eduardo López Ameijeiras e o Xerente, D. Celestino Vieites Sánchez.

MAIO

ACTO DE XURA DE XUICES



O 26 de maio, celebrouse no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o Acto de Xura de Xuíces da 64.ª promoción da Carreira Xudicial, destinados a Galicia.

Ao acto asistiron en representación do Colexio, convidados polo Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, D.ª Susana Soneira Lema, Presidenta deste Colexio e D. Eduardo López Ameijeiras, Vicepresidente 2º.

Ao acto asistiu tamén D. Manuel Núñez Carreira, Presidente do Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Lugo.

XUÑO

PREMIO CIPRIANO DOBARRO 2014



O día 6 de xuño tivo lugar no Salón de Actos da vice reitoría do Campus de Ferrol, o Acto Académico de Despedida de:

- III Promoción de Titulados do Máster en Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns, sendo a madriña da promoción D.ª M.ª Sonia Zaragoza Fernández.
- IV Promoción de Graduados en Relacións Laborais e Recursos Humanos, sendo o padriño da promoción D. Jesús M.ª García Pardo.
- V Promoción de Titulados do Máster en Xestión e Dirección Laboral, sendo a madriña da promoción D.ª M.ª del Pilar Millor Arias.

Posteriormente, D. Moisés Alberto García Núñez, Decano da Facultade de Ciencias do Traballo de Ferrol e D.ª Susana Soneira Lema, Presidenta deste Colexio, fixeron entrega do "Premio Cipriano Dobarro" á alumna D.ª Silvia Manteiga Insua.




PREMIOS "JULIO PORTELA" E "JOSÉ M. BOTANA"



O día 13 de xuño tivo lugar no Paraninfo da Universidade de da Coruña, o acto de entrega do premio "Xullo Portela" que entre outros, lle foi concedido a D. Manuel Núñez Carreira, Presidente do Colexio de Graduados Sociais de Lugo e a continuación, o acto académico de despedida da II Promoción de Graduados en Relacións Laborais e Recursos Humanos.

D. José M.ª Botana López, Presidente do Padroado Reitor da Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña, e a Presidenta do Colexio, D.ª Susana Soneira Lema, fixeron entrega do **Premio José M.ª Botana López**, ao estudante máis destacado, premio que recaeu no alumno D. Eloy García Ordóñez



ENTREGA DO PREMIO "JAVIER MARAÑÓN"

O día 14 de xuño celebrouse no Hotel Los Abetos de Santiago de Compostela, o Acto de Graduación dos estudantes de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, da Facultade de Relacións Laborais da Universidade de Santiago de Compostela.

Despois das correspondentes intervencións dos estudantes,



profesores e padriños da profesión, toma a palabra a Presidenta do Colexio, D.^a Susana Soneira Lema, que tras unha breve disertación, fai entrega o Premio Javier Marañón, á alumna D.^a Carmen Souto Villa, en atención aos seus méritos académicos e humanos.



Coa intervención do Decano da Facultade, D. Juan José Ares Fernández, e a entrega de bandas e diplomas, dáse por finalizado o acto coas palabras de despedida do Reitor da Universidade.

SETEMBRO

REUNIÓN COA MUTUA INTERCOMARCAL



O día 17 de setembro mantívose unha reunión coa Mutua Intercomarc, co propósito de fixar as bases para futuras colaboracións a nivel formativo. Asistiron en representación da

Mutua, D. Miguel Alomar Clamor, Director Territorial e D.^a Rosa M.^a Seoane Veloso, Directora de Sucursal na Coruña.

Representando ao Colexio, estiveron D.^a Susana Soneira Lema, Presidenta, D. Eduardo López Ameijerías, Vicepresidente 2.^º, D. Manuel Vázquez Regueira, Secretario Xeral, D.^a Lucía Sanjurjo López, Tesoureira e D. Celestino Vieites Sánchez, Xerente.

OUTUBRO

REUNIÓN COA MUTUA ASEPEYO



Nesta liña, o día 21 de outubro mantívose unha reunión coa Mutua Asepeyo, co fin de fixar as bases para futuras colaboracións a nivel formativo.

Asistiron en representación da Mutua, D.^a Marta Babío Casal, Directora da Mutua e D. Juan López Peinó.

Representando ao Colexio, estiveron D.^a Susana Soneira Lema, Presidenta, D. Manuel Vázquez Regueira, Secretario Xeral e D. Celestino Vieites Sánchez, Xerente.

NOVEMBRO

INVESTIDURA CABALEIRO DE HONRA 2014



O mércores 5 de novembro, celebrouse no Salón de Actos do Pazo Municipal, a sesión de investidura do Cabaleiro de Honra 2014 ao Excelentísimo Sr. D. José Luis Meilán Gil.

En resposta a invitación recibida do Alcalde da Coruña e o Mestre da Orde de Cabaleiros de M.^a Pita, asistiu ao acto en representación deste Colexio, D. Eduardo López Ameijeiras, Vicepresidente 2.^o desta Corporación.

DECEMBRO

FIRMA CONVENIO CON TIRANT LO BLANCH



Na tarde do 3 de decembro, asinouse un acordo de colaboración entre a Editorial Tirant lo Blanch e esta Corporación. Este acordo permitirá seguir gozando aos colexiados, do acceso a diversos contidos desta potente Base de Datos.

A sinatura tivo lugar no Salón de Actos do Colexio, contando coa presenza de D. Enrique M. Martínez Esparza, Delegado Comercial do Norte de España da Editorial e D.^a Susana Soneira Lema, Presidenta deste Colexio.

Os colexiados que desexen consultar as condicións do convenio, poden facelo no apartado de Acordos e Convenios da nosa páxina web.

SINATURA CONVENIO CO BANCO SANTANDER

O mesmo día 3 de decembro, esta Corporación mantivo un encontro con representantes do Banco Santander, S.A.

para a firma dun acordo con esa corporación co que se pretende facilitar aos colexiados o coñecemento, funcionalidades e vantaxes da oferta comercial desta entidade bancaria.



A firma tivo lugar no Sala de Xuntas do Colexio, contando coa presenza de D.^a Sandra María Fernández Martínez e D. Iván Gómez Fuentes, Apoderados do Banco Santander, por parte do Colexio, D.^a Susana Soneira Lema e D. Celestino Vieites Sánchez, Presidenta e Xerente respectivamente.

3.2 XURA DE COLEXIADOS

O día 9 de maio, celebrouse no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o acto de xura ou promesa dos colexiados incorporados a este Colexio nos últimos anos.





O acto estivo presidido polo Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, D. Miguel Ángel Cadenas Sobreira, a Presidenta do Colexio, D.^a Susana Soneira Lema, o Vicepresidente 1.^º do Colexio, D. Alejandro Pérez Otero, o Vicepresidente 2.^º e Contador do Colexio, D. Eduardo López Ameijeiras, o Secretario, D. Manuel Vázquez Regueira e a Tesoureira, D.^a Lucía Sanjurjo López.



Iniciouse o acto coa benvinda do Excelentísimo Sr. D. Miguel Ángel Cadenas Sobreira, Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que inmediatamente cedeu a palabra á Presidenta do Colexio, Ilustrísima Sra. D.^a Susana Soneira Lema que comezou a chamar aos padriños (todos os ex presidentes do Colexio) e aos colexiados que xuraban e que foron os seguintes:

D. Ángel Vázquez Rodríguez foi o padriño de xura de:



D. Francisco Luis Caamaño Rama.
D.^a Ana M.^a Ferreiro Río.
D. José Noya Rodríguez.
D.^a Lourdes M.^a Fernández Montemuiño.
D.^a Marta Sánchez Losada.
D.^a M.^a Eugenia Sánchez Fariñas.

D. Eduardo Ramón Pardo foi o padriño de xura de:



D. José Ramón Grela Castro.
D. Juan Carlos Vázquez Veiga.
D.^a Sara Beatriz Costela Viña.
D.^a Dolores M.^a Costoya Codesido.
D. Ángel Rodríguez Conde.
D.^a Alicia Gestal Patiño.

D. Jesús Seoane Pereiro foi o padriño de xura de:



D.^a M.^a Montserrat Rodríguez Gómez.

D.^a Sonia M.^a Rey Souto.

D.^a Diana Botana García.

D.^a M.^a Asunción Matos Rodríguez.

D. Iago Pereiró Díaz.

D.^a Antonia Dolores Martínez de Moya.

D. Germán Prieto-Puga Somoza foi o padriño de xura de:



D. Juan Carlos Barreiro Vázquez.

D. Luis Ricardo Pérez Cubeiro.

D. David Doldán Palacios.

D.^a Liliana Freire Cambeiro.

D. Juan Jesús Seoane Iglesias.

D.^a Paula Villamisar Varela.

D. Isidro Pousada Vales foi o padriño de xura de:



D.^a M.^a Rocío González Blanco.

D. Antonio Santos Díaz.

D. Luis Bermúdez Riobóo.

D. Carlos Antonio Martínez Naya.

D. Francisco Arán Amado.

D.^a Susana Cousillas Sánchez.

Unha vez finalizado o acto de Xura/Promesa dos colexiados, intervén a Presidenta do Colexio, D.^a Susana Soneira cunha breve disertación e clausura o acto o Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dedicando unhas afectuosas palabras a todo o colectivo e aos asistentes.



4

Implantación Novo Logo Profesional

Despois dun longo e laborioso camiño para a elección dun logo profesional, que identifique ós nosos colexiados e dar así cumprimento ao acordo da última Asemblea Xeral, deseñamos o logo que representa o espírito da nosa profesión, baseado na Xustiza cos dous pratos da balanza e o traballo coa roda dentada, todo iso unido á nosa denominación profesional.

Todos os colexiados exercentes poderán utilizalo..
Para iso, deberán solicitalo á secretaría do colexio e cumprir co regulamento de uso.
Ambos os dous documentos poderán ser descargados dende a web do colexio
<http://www.graduadosociales.org>

Sen dúbida ningunha, e máis nos tempos que nos está a tocar vivir, debemos conseguir que os cidadáns recoñezan o noso labor profesional e nos diferencien doutros profesionais. Finalmente, indicarche que este logo non substitúe ao noso escudo profesional, senón que é a imaxe comercial que utilizaremos como Graduados Sociais.



Informe de Secretaría

Envíos de correspondencia:

Entradas 1.192 entre cartas, escritos, documentos e correos electrónicos.

Saídas 53.602 cartas, circulares, informativos, etc.

Debemos destacar que a comunicación cos colexiados, dende hai varios anos, se está a dirixir cara ao correo electrónico, tendo na actualidade de alta neste servizo o 93,5% do colectivo de exercentes e o 72,33% de non exercentes. Como consecuencia disto enviáronse 146.000 correos electrónicos.

- Calendarios Laborais.
- Libros de Visita.
- Libros de Subcontratación.
- Venda de 24.780 euros en participacións de lotería de Nadal.
- Expedición de carnés de colexiados.
- Entrega de documentación informativa.
- Control e atención biblioteca.
- Preparación, informe e tramitación de expedientes de altas, baixas e variacións de colexiación.
- Edición Boletín Informativo. (Mensual en soporte papel para os colexiados sen correo electrónico e en soporte dixital para o resto de colexiados).
- Expedición de diplomas e certificados de asistencia a cursillos.
- Redacción de memoria anual e actas de reunións.
- Actualización, diaria, da páxina web con toda a lexislación de interese para os colexiados.
- Asistencia administrativa ós cursos do Colexio.
- Visado de apoderamentos para REA.
- Visado de apoderamentos para TESOL.
- Dilixencia de libros de visita e de libros de subcontratación.

REQUISITOS PARA DARSE DE ALTA NO COLEXIO

DOCUMENTACIÓN XERAL

- 1 Solicitud dirixida ao Ilustrísimo Sr. Presidente do Colexio (impreso facilitado na secretaría do Colexio e na páxina web).
- 2 Fotocopia do título de Graduado Social, Graduado Social Diplomado, Diplomado en Relacións Laborais ou certificado da Escola Universitaria de Diplomados en Relacións Laborais, acreditativo de ter efectuado o depósito para a obtención dalgún dos títulos.
- 3 Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.
- 4 Dúas fotografías tamaño carné (chaqueta e gravata escura).
- 5 Domiciliación bancaria.

NON EXERCENTES

Documentación xeral.

EXERCENTES DE EMPRESA OU ENTIDADE

Contrato de traballo, rexistrado pola oficina do INEM, coa categoría profesional de Graduado Social.

EXERCENTES LIBRES

1.- Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou prohibición.

2.- Comprobante do ingreso de 30,05 € na conta do Banco Santander, sito na Praza Manuel Gómez Moreno, núm. 2 - 28020 Madrid (C.C.C. 0049-5138-13-2710117518) a disposición do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais.

2.1.- Se o exercente desexa actuar ademais como Habilitado das Entidades Xestoras da Seguridade Social, comprobante do depósito doutras 30,05 € co mesmo fin do anterior.

3.- A partir do día 1 de outubro de 2012, (e tras a aprobación realizada na Asemblea Xeral celebrada o 9 de xuño de 2012), estableceuse como requisito obrigatorio a contratación dunha póliza de RC e unhas garantías mínimas a esixir aos colexiados exercentes.

4.- Xura ou promesa provisional de acatamento á Constitución, e ao resto do ordenamento xurídico, e de fiel cumprimento dos deberes da profesión de graduado social.

5.- Comprobante do ingreso da correspondente cota de incorporación ao Colexio, na conta bancaria do Banesto (IBAN: ES23 0030 6231 1200 0100 9271).

REQUISITOS MÍNIMOS DE PÓLIZA DE RC

* Capital asegurado mínimo de 1.000.000,00 €

* Cobertura expresa para Responsabilidade Civil Profesional de todas as tarefas propias da profesión de Graduado Social e, en concreto, en áreas como asesor laboral, fiscal, contable e mediador)

* Se o Colexiado exerce a súa actividade a través dunha sociedade, cobertura das reclamacións de RC presentadas á sociedade.

Todas as fotocopias deberán ser compulsadas ou achegar os orixinais na secretaría do colexio.

COTAS VIXENTES DE INCORPORACIÓN AO COLEXIO

Exercentes Libres.....	460,00 €
Exercentes de Empresa ou Entidade.....	184,00 €
Non Exercentes.....	46,00 €

COTAS MENSUAIS

Exercentes Libres.....	29,05 €
Exercentes de Empresa ou Entidade.....	16,59 €
Non Exercentes.....	8,30 €

6.1 INFORME DE TESOURARÍA

Co fin de cumprir coa lexislaci3n vixente, procedo a emitir este informe de tesourarí3, nos diferentes aspectos de funcionamento deste colectivo, e que teñan incidencia directamente coa situaci3n econ3mica, dividindo este informe en tres apartados: Ingresos (Ingresos Xerais por cotas, por xestí3ns e vendas de produtos, e por cursos realizados), Gastos xerais, e Resumo comparativo co exercicio anterior.

A.1.- Ingresos por cotas

Este Colexio Oficial agrupa, a 31 de Decembro de 2014, a un colectivo composto por un total de 831 Graduados Sociais, coa seguinte desagregaci3n

	N.º colexiados a 01/01/2014	N.º colexiados a 31/12/2014	Cotas mensuais
Exercentes Libres	340	348	29,14 €
Exercentes de Empresa	58	55	16,64 €
Non Exercentes	394	385	8,32 €
Eméritos	33	43	0,0 €

Cabe destacar o lixeiro incremento nas altas de colexiados Exercentes Libres, o que denota unha leve melloría no sector. Nunha primeira revisi3n, podemos observar tamén, que no segundo e terceiro apartado, se produciu un decrecemento no número de colexiados, debido, principalmente, á crise que segue arrastrando o país, dende hai varios anos. Tambien é de mencionar o aumento no número de colexiados eméritos.

O total de cotas xeradas ao longo do ano 2014, foi o seguinte:

Total cotas exercentes libres: 120.380,47 €

Total cotas exercentes de Empresa: 11.065,60 €

Total cotas non exercentes: 39.245,56 €

Total xeral de ingresos contables por cotas : 170.691,63 €

A.2.- Ingresos por Xestións de Vendas e Produtos

O Colexio ofrece, ademais dos servizos específicos gratuítos pola mera pertenza ao colectivo, unha serie de servizos e xestións, algúns en exclusiva aos Colegiados, e outros, con posibilidade de venda a terceiros alleos, que en detalle, son os seguintes.

PRECIOS SEN I.V.E. (21%)	EXERCENTES	OUTROS	XESTIÓNS/VENDAS REALIZADAS SEN I.V.E
Calendarios Laborais 2014	0,70 €	2,00 €	3.340,87 €
Calendarios Laborais 2015	0,75 €	2,00 €	2.698,97 €
Libros de Visita	4,21 €	6,22 €	4.523,58 €
Libros de Visita (Dilixencias)	8,02 €	-----	1.170,92 €
Libros de Subcontratación	2,16 €	2,81 €	366,03 €
Libros de Subcontratación (Dilixencias)	10,83 €	-----	43,32 €
Selo de Verificación	24,97 €	-----	399,52 €
Selo profesional	26,03 €	-----	130,15 €
Apoderamento REA	16,30 €	-----	880,20 €
Insignias	12,00 €	-----	24,00 €

Estas vendas supuxeron uns ingresos totais de 13.577,5 €, o que supón unha diminución dun 32% con relación ao exercicio anterior.

O Colexio está aberto para a presentación de novos servizos que sexan demandados polo colectivo, tendentes á mellora e rendibilidade dos seus despachos profesionais.

A.3 Ingresos por cursos realizados

Durante o ano 2014 realizáronse un total de 21 Cursos, obtendo uns ingresos totais pola realización destes de 15.295,00 €, mentres que os gastos xerados foron de 6.016,65 € o que supón un beneficio para as arcas colexiais de 9.278,35 €.

B.1 Gastos xerais

No apartado de gastos xerais, o máis importante corresponde aos gastos de persoal, por un total de 83.027,73 €, o que supón un 36,45% sobre o total, seguido das cotas aboadas ao Consello Xeral, por un total aboadado de 25.862,40 €, o que supón un 11,35%, os alugueres, por un total anual de 19.167,24 €, o que supón un 8,41% e gastos en publicidade e relacións públicas, por un total anual de 16.979,65 € o que supón un 7,45% sobre o total anual dos gastos realizados.

RESUMO COMPARATIVO

O resumo comparativo hase de facer forzosamente cos resultados obtidos no ano anterior, podendo afirmar que, por masas, as vendas de produtos e formación, se elevaron á cantidade de 32.144,62 € (un 15,01% do total dos ingresos colexiais), mentres que durante o exercicio pasado, o ingreso total por estes conceptos foi de 32.671,32 € o que supón que apenas houbo variación.

As cotas colexiais, eleváronse á cantidade de 170.775,94 € (un 79,78% do total dos ingresos colexiais), tamén sufriron diminución con relación ás do ano 2013 (172.977,52 €) con relación ao ano 2012 (175.340,35 €) e con relación ao 2011 (181.546,14 €) o que demostra unha clara tendencia á baixa na colegiación de profesionais.

Os gastos de persoal, por un total de 83.027,73 €, o que supón un 36,45% sobre o total de gastos anual, incrementáronse no IPC cos correspondentes ao exercicio anterior (82.422,17 €).

Os ingresos financeiros foron de 1.787,73 € o que supón unha diminución dun 32,97% con relación aos rendementos obtidos no ano anterior (5422,01 €).

Por último o resultado contable final diminuíu considerablemente en relación co exercicio anterior, pois mentres no ano 2013 os beneficios contables ascenderon a 3.200 €, neste exercicio 2014, a perda contable ascende a 13.763,06 €.

PRESUPOSTO ANO 2015

En canto ao Presupuesto para o ano 2015, procedeuse a axustar as partidas de ingresos e gastos en función dos resultados obtidos no exercicio 2014, co fin de intentar reducir os gastos o máximo posible e manter os ingresos obtidos.

Cursos E Conferencias

Un ano máis, o Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, confeccionou un abano de cursos e conferencias axeitados ás peticións e suxestións dos colexiados. Os devanditos cursos intentaron abranguer tanto os temas de actualidade laboral como aqueles temas que nos eran demandados por nosos colexiados, intentando con iso ofrecer a estes e aos empregados de despachos unha formación continua e actualizada.

Dende o mes de xuño, o Colexio engadiu a posibilidade de seguir Online, os cursos ou conferencias que se celebren a través dunha plataforma instalada na páxina web.

Con esta nova ferramenta, os colexiados, ademais de seguir a retransmisión do curso en directo, poderán tamén descargar a información e documentación relativa a este, así como visualizar o relatorio en diferido, unha vez sexa realizada esta.

A continuación detállanse os cursos que se desenvolveron durante este ano 2014.

O día 13 de febreiro, desenvolveuse no Salón de actos do colexio, unha conferencia en colaboración coa Mutua Galega, sobre o Cesamento de Actividade dos Traballadores Autónomos.

O acto estivo presidido por D.^a Susana Soneira Lema, Presidenta do Colexio e D.^a Eva Monteoliva Díaz, Subdirectora de Prestacións Profesionais da Mutua Galega, que tras unha breve introdución cedería a palabra a D. José M.^a Santiago García Responsable da Escola de Práctica Laboral desta Corporación. O relatorio correu a cargo de D. Edgar Prado Fonte, Responsable da prestación na Mutua Galega. Unha vez finalizada a xornada, serviuse a todos os asistentes unha copa de "viño español".



CESAMENTO DE ACTIVIDADE DOS TRABALLADORES AUTÓNOMOS (MUTUA GALLEGA)



ÚLTIMOS CAMBIOS EN CONTRATACIÓN E COTIZACIÓN (CONSELLO GALEGO) - A CORUÑA





O día 21 de febreiro e en colaboración co Consello Galego, celebrouse no Hotel Attica21 da Coruña unha conferencia sobre os "Últimos cambio en contratación e cotización".

A xornada comezou ás 09:15 horas e foi presentada por D. Demetrio Fernández López, Presidente do Consello Galego e D.^a Susana Soneira Lema, Presidenta deste Colexio.

Durante o transcurso desta se desenvolveu o seguinte programa:

9:35 A nova cotización á Seguridade Social no 2014 e a intervención do FOGASA.

D.^a Cristina Ortiz Dorda, Directora Provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

D. Carlos Domenech de Aspe, Director Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Galicia.

10:35 Coloquio.

10:50 As reformas en contratación, cotización e FOGASA vistas polos axentes sociais galegos

Representantes da CEG, e de UGT Galicia, CIG e SN de CCOO de Galicia.

NOVIDADES EN MATERIA DE SEGURIDADE SOCIAL DERIVADAS DA LEI DE PRESUPOSTOS

O día 24 de febreiro celebrouse unha conferencia en colaboración coa Mutua Umivale, sobre as Novidades en materia de S.S., derivadas da Lei de Presupostos.



A charla foi presentada por D. José M.^a Santiago García, responsable da Escola de Práctica Laboral deste Colexio, que despois de facer unha breve introducción na materia e presentar aos relatores, cedió a palabra a estes.

Contamos nesta ocasión para desenvolver a materia con D. Antonio Iglesias Vázquez, D. Tomás Dapena Carabel e D.^a Catarina Capeáns Amenedo, todos eles avogados en exercicio.



LEI DE EMPRENDEDORES



O Colexio celebrou o 11 de marzo nas súas instalacións, unha xornada sobre a Lei de Emprendedores, en horario de 17:00 a 20:00 horas. O acto foi presentado por D. Jose M.^º Santiago García, Responsable da Escola de Práctica Laboral que cedeu a palabra a D.^º M.^º Jesús Muñoz Rodríguez, Xefe de Sección da Dependencia Rexional de Xestión Tributaria en Galicia e Coordinadora da Axencia Tributaria do Servizo de confección de declaracións de IRPF da Delegación da Coruña, que tras unha breve introdución desenvolveu o seguinte programa:

❑ Novidades IVE: IVE de Caixa

- o Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio ós emprendedores e a súa internacionalización.
- o Real Decreto 828/2013, de 25 de outubro, polo que se modifica o Regulamento do Imposto sobre o Valor Engadido.

❑ Novidades Sociedades

- o Lei 16/2013, de 29 de outubro de medidas tributarias e financeiras.
- o Modificacións definitivas desde 2014
- o Modificacións temporais (2014-2015): Pago fraccionado.

❑ Novidades IRPF

- o Lei 14/2013, de 27 de setembro de apoio ós emprendedores e a súa internacionalización: (Inversores de proximidade).

NOVIDADES IVE EMINENTEMENTE PRÁCTICO (SANTIA- GO DE COMPOSTELA)



O día 13 de marzo celebrouse en Santiago de Compostela un curso sobre as Novidades do IVE, eminentemente práctico.

O curso se celebrou nas instalacións da Facultade de Relacións Laborais de Santiago e foi presentada por D. Alejandro Pérez Otero, Vicepresidente 2.^º desta Corporación e por D. Juan José Ares Fernández, Decano desa Facultade.

A continuación tomo a palabra D. Eugenio Varela Rodríguez, administrador da Axencia Tributaria en Santiago, que paso a desenvolver o seguinte programa:

Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización.

Real Decreto 828/2013, do 25 de outubro, polo que se modifica o Regulamento do Imposto sobre o Valor Engadido.

Órdes ministeriais polas que se modifican os modelos 303, 340, 347, 036 e 037.

Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2014.

Real Decreto 1042/2013, do 27 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre os Gases Fluorados de Efecto Invernadoiro, e polo que se modifican o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, o Regulamento do Imposto sobre Sociedades, aprobado polo Real Decreto 1777/2004, do 30 de xullo, o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, aprobado polo Real Decreto 439/2007, de 30 de marzo, e o Regulamento do Imposto sobre o Valor Engadido, aprobado polo Real Decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

Doutrina administrativa.

- o Desistimento unilateral permuta: tributación por IVE, ITP, IS.
- o Dereito a deducir carburante (art.^º 95 LIVA). Obligación de consignar vehículo en factura.
- o Autoconsumos: arrendamentos con opción de compra.
- o Localización Servizos.
- o Obrigas formais.

Xurisprudencia do TJUE, STJUE do 7 de novembro de 2013, asuntos acumulados C-249/12 e C-250/12. Tulica.

ÚLTIMOS CAMBIOS EN CONTRATACIÓN E COTIZACIÓN” (CONSELLO GALEGO) - OURENSE

A xornada comezou ás 09:15 horas e foi presentada por D. Demetrio Fernández López, Presidente do Consello Galego de Relacións Laborais, D. Roberto Bustillo Bolado, Decano da Facultade e D.^º Susana Soneira Lema, Presidenta deste Colexio.



Durante o transcurso desta se desenvolve o seguinte programa:

9:35 A nova cotización á Seguridade Social no 2014 e a intervención do FOGASA.

- o D.ª Rocío de Frutos Madrazo, Inspectora de Traballo e Seguridade Social
- o D. Juan Carlos Blanco Doallo, Subdirector provincial de Xestión Recadatoria da TGSS en Ourense.

10:35 Coloquio

10:50 As últimas novidades e tendencias laborais vistas polos axentes sociais galegos.

- o Representantes da CEG, e de UGT Galicia, CIG e SN de CCOO de Galicia.

11:50 Coloquio.

12:05 Pausa-Café

12:30 Últimos cambios na contratación a tempo parcial.

- o D. Pedro Rabanal Carbajo, Maxistrado-Xuiz do Xulgado do Social nº 4 en Ourense.
- o D. Jaime Cabeza Pereiro, Catedrático de Dereito do Traballo e Seguridade Social da Universidade de Vigo.

13:30 Coloquio

13:45 Clausura da xornada.

RENDA 2013 (FERROL)



O día 2 de abril de 2014, celebrouse no Salón de Graos da Facultade de Ciencias do Traballo en Ferrol, en horario de 17:00 a 20:00 horas, o curso sobre O Imposto da Renda das Persoas Físicas

O acto estivo presidido por D.ª Susana Soneira Lema, Presidenta deste Colexio, D. Roberto Barros López, Vogal da Xunta de Goberno desta Corporación e D.ª Pilar Millor Arias, Profesora desa Facultade e D. Carlos Manuel Corchete Díaz, membro do corpo técnico da AEAT de Ferrol foi o responsable de expoñer a materia aos numerosos asistentes.

RENDA 2013 (SANTIAGO DE COMPOSTELA)



Ó día seguinte realizouse outro no Salón de Graos da Facultade de Relacións Laborais de Santiago de Compostela.

Neste caso, o acto foi presentado por Juan José Ares Fernández, Decano da Facultade de Relacións Laborais de Santiago, Alejandro Pérez Otero, Vicepresidente 2.º deste Colexio.

A responsable de impartir o curso e explicar a todos os asistentes as principais novidades deste imposto foi D.ª M.ª Remedios Vázquez Gil, Xestora na Sección de Renda, Unidade de Comprobación e Liquidación da Administración da AEAT de Santiago de Compostela.

REDA 2013 (A CORUÑA)



O 22 de abril e para finalizar co ciclo de conferencias sobre a "Renda das Persoas Físicas 2013" celebrouse, no Salón de Actos do Colexio, a última delas.

O acto foi presentado polo Responsable da Escola de Práctica Laboral, José M.ª Santiago García. D.ª M.ª Jesús Muñoz Rodríguez, Xefe de Sección da Dependencia Rexional de Xestión Tributaria en Galicia e Coordinadora da AEAT do Servizo de confección de declaracións de IRPF da Delegación da Coruña, foi a responsable de expoñer a materia aos numerosos asistentes.

A PENSIÓN DE XUBILACIÓN E A SÚA COMPATIBILIDADE CO TRABAJO



Durante a tarde do día 24 de abril, celebrouse no Salón de Actos do Colexio e en colaboración con MC Mutual, unha conferencia sobre "A Pensión de Xubilación e a súa compatibilidade co traballo, tras a Lei 23/2013, reguladora do factor de sostibilidade e o índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social,".

A charla estivo presidida por D.ª Susana Soneira Lema, Presidenta desta Corporación, por D. José María Santiago García, Responsable da Escola de Práctica Laboral e por Luis Grién Díaz, Director de MC Mutual da Coruña e Lugo.

O relatorio correu a cargo de D. Antonio Benavides Vico, Inspector de Traballo e Seguridade Social, que resolveu as dúbidas e cuestións sobre esta materia aos numerosos asistentes.



A FACTURA ELECTRÓNICA - FIRMA DIXITAL (ENXENDRA)



Durante a tarde do 29 de abril, celebrouse no Salón de Actos do Colexio e en colaboración coa empresa Enxendra, unha conferencia sobre "A Factura Electrónica e Firma Dixital", atendendo ao seguinte programa:

- o Qué é a factura electrónica.
- o Lexislación relacionada.
- o Cómo enviar factura electrónica.
- o Clientes públicos e clientes privados.
- o Cómo recibir factura electrónica na miña empresa.
- o Uso da Firma Dixital.

A charla foi presentada por José María Santiago García, Responsable da Escola de Práctica Laboral que tras unha breve introdución cedería a palabra a Brais Méndez Ferreiro, Enxeñeiro Informático e co-fundador de Enxendra, encargado do relatorio. **A xornada foi retransmitida en directo por primeira vez dende o Colexio.**

O SISTEMA CRET@ (CONTROL DE RECADACIÓN POR TRABALLADOR)



Ante a entrada en vigor o próximo mes de xuño, do novo sistema de liquidación de cotas, que substituirá o tradicional modelo de autoliquidación o Colexio, en colaboración con Umivale, celebrou na tarde do día 19 de maio no Salón de Actos unha xornada informativa sobre "O Sistema Cret@: control de recadación por traballador"

Aínda que a obrigatoriedade non se impoñerá ata xaneiro do 2015, os relatores, D.^a Concepción Nieto Roig, Subdirectora Provincial de Xestión Recadatoria e D. José Manuel Centoira Freire, Xefe de Sección da Unidade de Atención ao usuario do Sistema REDE, explicaron a aparición do concepto de tramo, o cálculo das liquidacións e a confección de liquidacións parciais ou totais e desaparición do TC1.

O acto, que abarrotou o recinto, foi retransmitido vía online para os colexiados que se anotaron nesa modalidade.

NOVIDADES DA INCAPACIDADE TEMPORAL E PUNTOS CONTROVERTIDOS NA PENSIÓN DE XUBILACIÓN



Os días 14 e 15 de maio, celebrouse no Salón de Actos do Colexio, o curso sobre o réxime xurídico da incapacidade temporal.

O curso foi presentado por D.^a Susana Soneira Lema, que despois da súa intervención, deu paso a D.

Roberto López Vázquez, Director do Centro de Atención e Información da S.S. número 2 do INSS da Coruña.

PROCEDEMENTOS DE CONTROL DA INCAPACIDADE TEMPORAL

Na tarde do 24 de setembro, celebrouse no Salón de Actos do Colexio e sendo retransmitida en directo, unha xornada sobre a recente entrada en vigor de novos "Procedementos de control da Incapacidade Temporal" no sistema da Seguridade Social.



